



CONTIDO			TRIMESTRE
Nº tema libro	Título	Descrición	
			Primeiro
1	Os textos, unidades comunicativas	Os sons do galego. O galego de 1916 a 1936.	
2	A coherencia	Os fonemas do galego. A poesía das Irmandades da Fala.	
3	A cohesión textual	As unidades sintácticas. A poesía galega de vangarda.	
4	A adecuación	As palabras e a súa estrutura. A prosa do primeiro terzo do s. XX.	
5	A información no texto.	O léxico galego. O teatro no primeiro terzo do s. XX.	Segundo
6	A lingua e a construción dos textos.	A frase. Tipos de constituíntes. O galego de 1936 a 1976.	
7	Os textos orais.	A oración. Tipos e constituíntes. A poesía entre 1936 e 1976.	
8	Os textos escritos	As oracións adxectivas. A prosa entre 1936 e 1976.	
9	Tipos de textos e secuencias textuais	O suxeito. Voz activa, pasiva e media. A Nova Narrativa Galega.	
10	Secuencias textuais expositivas	Complementos oracionais (I). A literatura galega no exilio.	Terceiro
11	Secuencias textuais argumentativas	Complementos oracionais (II). O teatro galego entre 1936 e 1976.	
12	Os textos xornalísticos	A modalidade. A poesía de 1976 á actualidade.	
13	Os textos académicos	Semántica (I). A prosa de 1976 á actualidade.	
14	Os textos publicitarios	Semántica (II). O teatro de 1976 á actualidade.	

LECTURAS

Ofrécese unha listaxe aberta de lecturas mínimas obrigatorias para superar os dous primeiros trimestres; deixamos o terceiro para lecturas voluntarias.

FEIJOO, Pedro	<i>Os fillos do mar*</i>
	<i>A memoria da choiva*</i>
RIVAS, Manuel	<i>O lapis do carpinteiro</i>
	<i>Todo é silencio</i>
RIVEIRO COELLO, Antón	<i>Casas baratas</i>
	<i>Laura no deserto*</i>
TORO, Suso de	<i>Trece badaladas*</i>

Os títulos marcados con * serven como lectura obrigatoria de dous trimestres (e do curso).

Como lecturas da aula traballaremos en cada trimestre unha obra representativa de cada xénero e etapa estudada:

	POESÍA	NARRATIVA	TEATRO
1º	<i>De catro a catro</i> , de MANUEL ANTONIO		
2º		<i>Vento ferido</i> , de CARLOS CASARES	
3º			<i>Comedia bífida</i> , de MANUEL NÚÑEZ SINGALA

Cada alumno/a deberá facer un traballo escrito de cada obra.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas (escritas e orais) + PROXECTO/TRABALLO (elaboración e presentación)	80%
Lectura	10%
Producións clase-casa: escritas, orais, esquemas, resumos, textos argumentativos, narrativos, descritivos, participación en debates...	10%
Total	100%

Alentaremos a mellora da corrección da expresión escrita por parte do alumnado incluíndoa como un exercicio máis de cada proba, valendo 2 puntos sobre 10.

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na suma dos tres apartados. Non se realizará a media se nalgunha das probas, do proxecto ou da lectura se obtén menos dun 4. Nas producións de clase-casa non se aplica esta condición.

A partir do cinco a nota redondearase pasando á seguinte, sempre que se supere a anterior en 0,6 décimas. Por ex. 5 ,6= 6.

A nota final do curso obtense facendo a media das tres avaliacións, coa nota real, non co redondeo. Quen non obteña un cinco como media das tres avaliacións -esta non se realizará se nalgunha delas a nota é inferior a catro- terá dereito a unha proba final de recuperación, onde tamén se recuperarán as lecturas obrigatorias suspensas, se non se fixo antes.

Nas avaliacións extraordinarias de setembro ou maio é obrigatorio examinarse de todos os contidos, incluídas as lecturas.

Os exames ou recuperacións, así como os traballos, deben realizarse e presentarse nas datas previstas. Quen non se presente á proba sen entregar xustificante médico, certificado acreditativo de deber inescusable ou xustificante de morte dun familiar de primeiro ou segundo grao, segundo o establecido no *Protocolo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia* (Anexo 4 do NOF do Centro) terá un cero na dita proba.

No caso de detectar que se copia nalgunha proba, os profesores deste departamento asumen o acordo de claustro de proceder a retirar dita proba, dándolle ao alumno a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

Se un traballo persoal denota signos evidentes de ter sido copiado será avaliado cun cero. No caso de ser idéntico ao doutro compañeiro, tanto o que copiou como o que permitiu a copia serán avaliados negativamente.